

VIERNES, 20 de noviembre de 2009

ENTREVISTA: XOSÉ FERNÁNDEZ FERREIRO | ESCRITOR | LUCES

"Os políticos danme noxo"

PAOLA OBELLEIRO | 20 NOV 2009

Archivado en: [Narrativa](#) [Literatura](#) [Cultura](#)

Reivindícase home de aldea, aínda que leva case toda a vida vivindo na cidade, e soñador. "Para ser novelista hai que ter moita imaxinación, e eu sempre tiven haréns imaxinarios. Todo está na mente, incluso o sexo, porque sen a cabeza, non vale para nada", razoa Xosé Fernández Ferreiro. Nacido en 1931 nunha aldea de Nogueira de Ramuín (Ourense), "terra de afiadores" na que hoxe non vive ninguen, o novelista afincado na Coruña desde hai 40 anos non esquece a súa profesión de xornalista. Tanto que insiste en suxerir un titular para esta conversa: "Son un labrego que leva toda a vida sachando no mundo do xornalismo e da literatura".

Pregunta. Empezou publicando poesía. Ten previsto editar máis?

"Cando fun a París non saía dos cines, vendo porno; aquí non había iso"

Resposta. Non creo, teño cousas na casa pero eu son sobre todo novelista. Todos empezamos pola poesía, porque cando un é novo é poeta, escriba ou non escriba. A narrativa da moito máis traballo que a poesía no proceso creativo, no plano físico e material.

"Galicia está agora máis asoballada; a Autonomía permite o amiguismo"

P. Como ve ao xornalismo actual e esta sociedade tan mediática?

R. Non me acaba de convencer de todo. O xornalismo de hoxe está moi politizado. O que vivín eu era máis tranquilo, pero agora é todo política, hai unha invasión. Saes á rúa e xa cheira a política.

P. Pero na ditadura tamén estaba sometida á política, non?

R. Home sí, naqueles tempos había moitos problemas coa censura, había que levar todos os días o xornal ao delegado de Información e Turismo, e ás veces botaban multas ou había incluso que cambiar un par de páxinas. A política é sempre a que manda.

P. Despois de dous poemarios publicados nos anos 50, a súa primeira novela é un western. Vaia un cambio de rexistro...

R. Chamou moita a atención porque era o primeiro western en galego. Foi en 1975, o ano no que morreu o ditador Franco. Pero realmente a novela vendouse pouco.

P. Escribe novelas de moi distinto xenero, de ciencia ficción, intrigas no mundo do cinema.

R. En Madrid, cando rematei xornalismo, estiven cinco anos nunha productora cinematográfica moi famosa e vin un pouco o cinema por dentro. Sempre me gustou moito. A primeira vez que fun a París non saía dos cines vendo películas porno, porque aquí non había nada de todo iso. Na miña novela *Corrupción e morte de Brigitte Bardot*, que vai do mundo do cinema, o personaxe desdóbrase e coido que era unha técnica que nunca se vira antes.

P. Ten un libro favorito entre a súa obra?

R. Teño algunhas novelas que creo que son boas pero, no entanto, non pegaron. Xosé Luís Méndez Ferrín di que unha das mellores novelas en galego é unha miña, O minotauro e, con todo, pasou sen pena nen gloria para os lectores. Teño unha triloxía que me gusta moito, A saga dun afiador, Morrer en Castrelo de Miño e A fraga dos paxaros salvaxes.

P. Tamén ten tres libros sobre a Guerra Civil e os principios da ditadura, coma o último Tempo de centeo. É biográfica?

R. Gústame moito esa triloxía sobre a tecnoloxía da guerra, e incluso gustaríame volver a editalos, pero corrixidos e ampliados. Unha novela nunca se acaba. Na última, hai moito de min porque fala da aldea e dun rapaz que marcha para a cidade nesa época escura da posguerra. Había fame de todo, de pan, de sexo e de xustiza. Podo ser ese rapaz.

P. Que lle parece o proceso de recuperación da memoria histórica dos republicanos?

R. Sen memoria non hai historia. Paréceme ben que se fale agora de todas esas cousas que quedaran silenciadas, que a xente sepa dos seus. A miña triloxía sobre a guerra vendeuse bastante, e creo que dan unha idea clara do que foi a Guerra Civil.

P. Vívese da literatura en galego?

R. Vender véndese moi pouco. E menos en Galicia. Creo que só somos un grupo de xente, uns 3.000, que lemos en galego. O resto non. Aquí non temos a conciencia que teñen os cataláns da súa cultura e da súa lingua. Galicia sempre foi un país asoballado, incluso polos propios galegos. Non sei se por ignorancia ou porque son malos de verdade. Xa me dirá a que veu Manuel Fraga aquí, durante 16 anos. Fixo ese monstruo do Gaiás, que quere que sexa o seu mausoleo. Espero que nunca o sexa porque é unha barbaridade. Houbo un asoballamento permanente. Agora Galicia está aínda máis asoballada co Estado das Autonomías. Non creo nelas porque permiten o amiguismo. É todo cousa de diñeiro e dos políticos. A min danme noxo. Non todos son malos, pero a maioría si. Non chegan á política por vocación, senón por cartos e o poder.

P. Ese asoballamento do que fala explica o que está a ocorrer coa lingua?

R. Si, parecía que tiñamos algo superado, como os toponimos e o da Coruña, pero agora o señor Núñez Feijóo dá marcha atrás. É unha barbaridade. Son cousas aprobadas na época de Fraga Iribarne e que funcionaban, pero el trata de borrarlas dun plumazo. Paréceme ben que a xente queira falar castelán, pero que a nós nos deixen tranquilos falando o galego, é a nosa lingua. O galego é o noso sinal de identidade. Eu aprendino dos meus pais e nunca deixei de falalo.

P. Incluso na ditadura?

R. Naquel grupo que creamos en Madrid, Brais Pinto, falabamos sempre en galego. Unha vez, Fraga veu dar una conferencia sobre Rosalía de Castro e asubiámoslle. Creo que foi aquel o único acto de rebeldía que houbo no Centro Galego de Madrid.

P. Ten que aprenderse máis galego nas escolas?

R. Claro. O problema é que o galego é unha lingua sen facer, sen fixar, e cada un tira para un lado, uns arrímanse a Portugal, outros din que senón temos nada que ver. Escribimos hoxe un galego que é un pouco artificial. Eu falo o galego da miña aldea, un idioma moi sinxelo.

P. En que está a traballar agora?

R. Recollendo cantares, dicires e parafeos dos afiadores de Nogueira de Ramuín. Recollinos entre a xente vella hai tempo, antes de marchar para Madrid. A libreta apareceu

agora, casi 40 anos despois. A ver se lles dou forma, é unha mágoa que se perdan. O problema é que os vellos a veces tampouco se acordaban ben das cantigas, e teño medo de estragalas ao corrixilas ou buscar unha rima que falta.